

Madrygal. Revista de Estudios Gallegos

ISSN: 1138-9664

<http://dx.doi.org/10.5209/MADR.62634>

 EDICIONES
COMPLUTENSE

Ó MUIRTHILE, Liam (2018): *Camino de Santiago. Dánta. Poemas. Poemas*. Dublín: Cois Life, 46 pp.

Fuirseadh

An bóthar romham
an bóthar im dhiaidh,
mar a chéile iad.

Esfuerzo

El camino ante mí
el camino a mi espalda,
iguales.

Struggle

The path ahead
the path behind,
both the same

Esfuerzo

O camiño diante de min
o camiño por detrás,
iguais.

O valor cultural e turístico do Camiño de Santiago increméntase ano a ano, e son miles de persoas as que se aventuran a achegarse a Compostela desde os mais afastados confins do mundo. O libro que nos incumbe nesta ocasión nace a partir dunha destas experiencias de peregrinación, dos quilómetros e quilómetros que se fan a pé a través de diferentes paisaxes cunha mesma fin, en soidade mais de forma comunitaria.

Camino de Santiago. Dánta. Poemas. Poemas, é un breve libro de poemas que o irlandés Liam Ó Muirthile (Cork, 1950-2018) escribiu durante o outono de 2015. A través do libro, o poeta presenta a súa experiencia persoal do proceso de recorrer diferentes etapas do Camiño. Cada texto funciona como un anaquiño no que compartir as súas vivencias e visións durante este período de peregrinación. Seguindo a tradición poética meditativa e contemplativa, Ó Muirthile presenta e desengana nos seus textos elementos comúns da peregrinación como a vieira (*Muirín*, en gaélico), a figura do peregrino (*Oilithrigh*), o silencio de camiñar en soidade (*Tost*), o esforzo (*Fuirseadh*), a hospitalidade das xentes (*Aíocht*), e sobre todo, a ledicia de compartir o camiño (*Áthas*).

Moitas son as obras literarias que tratan o Camiño de Santiago e a expericia do peregrino a través dos séculos; no entanto, a particu-

laridade do libro de poemas de Ó Muirthile reside na versión cuadrilingüe que se ofrece de cada poema. Preséntanse os textos en, por orde, gaélico irlandés, inglés, español e galego. Cada un destes poemas breves en extensión e de verso curto que describen o mundo material do Camiño ao tempo que o relacionan co plano espiritual da voz poética, e da man de catro linguas, poden expresalo para diferentes públicos en forma de tradución (e translación en moitos casos) dos textos desde unha lingua minoritaria como é o irlandés orixinal ata o galego pasando polo inglés e polo español.

Mentres que a versión en inglés está a cargo do propio poeta, as traducións ao español e ao galego neste libro de poemas son de Carmen Rodríguez Alonso, vella coñecida dos textos en gaélico irlandés e galego, xa que editou en 2015 un volume bilingüe de poesía que incluía os autores irlandeses contemporáneos máis importantes. Esta antoloxía, *Un bosque novo: antoloxía de poesía gaélica contemporánea*, publicada pola Editorial Trifolium, incluía os irlandeses Máirtín Ó Direáin, Seán Ó Ríordáin, Maire Mhac An Tsaoi, Mícheál Ó Hairtnéide, Caitlín Maude, Gabriel Rosenstock, Liam Ó Muirthile, Nuala Ni Dhomhnaill, Cathal Ó Searcaigh, Louis de Paor, Michael Davitt, Pearse Hutchinson e Celia de Fréine, acompañando os textos orixinais destes con traducións ao galego da editora e unha introdución ao libro da Dra. Manuela Palacios González.

Este primeiro labor de achega da poesía menos accesible de Irlanda a Galicia continúa con *Camino de Santiago. Dánta. Poemas. Poemas*. Neste caso, ademais da conexión lingüística, establécense conexións culturais, xa que o público galego pode recoñecer os elementos do Camiño que Ó Muirthile presenta nos seus textos, tendendo pontes entre dúas culturas e dúas formas de contar.

Máis alá do valor filolóxico das traducións destes libro de poemas, é interesante atopar un proceso de intercambio literario e cultural entre Galicia e Irlanda. Este proceso de conexión e unión de dúas comunidades atlánticas, que leva en auxe desde a última década, vén de traer algunhas das mellores publicacións de poesía galega contemporánea traducidas ao inglés con volumes como *To The Wind Our Sails: Irish Writers Translate Galician Poetry* (Salmon Poetry, 2010), *Six Galician Poets* (Arc Publications, 2016) ou *Migrant Shores:*

Irish, Moroccan & Galician Poetry (Salmon Poetry, 2017), e é alentador saber que alguén escoita ao outro lado do océano e produce literatura que tamén podemos consumir desde Galicia para achegarnos na nosa propia lingua ás experiencias vitais doutras xentes e tamén coñecer, no proceso, a riqueza lingüística de Irlanda.

Jorge Rodríguez Durán
Universidade de Santiago de Compostela
jorge.rdgz.duran@gmail.com